



BOLETÍN 149
MARZO 2021

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

BOULDER

Este mes de febreiro tivemos que volver a pechar o Club debido ás restricións. Botámosvos de menos pero aproveitamos este parón para renovar o boulder do noso local. Se fixo unha mellora na seguridade das colchonetas, limpámolo a fondo, mercamos presas novas e lle demos un cambio. Atendendo ás valoracións construtivas das primeiras e primeiros escaladores en probar o boulder, engadimos e cambiamos algunhas presas. Animádevos a vir (baixo reserva) e deixar os vosos comentarios!



Seccións

Montaña.....	2
Bici de Montaña.....	2
Esquí.....	3

Vindeiras Actividades

Estade atentas e atentos á web e ao voso mail porque en canto nolo permitan temos preparadas unha chea de actividades:

- ◇ Bici de montaña: saídas polos montes do Morrazo, Monte Xabre, Armenteira...
- ◇ Montaña/sendeiro: Mondariz-Vilasobroso, Mosende, O Courel, sendeiro dos Penedos ...
- ◇ Mergullo: bautismos e inmersión na ría de Vigo
- ◇ Espeleo: Furnas no Morrazo, Mondoñedo, barranquismo no Barbanza...
- ◇ Escalada: Donón, Mondoñedo
- ◇ Infantil: Imos de muíños: Fragoselo, Zamáns, Eifonso...
- ◇ Pequemarcha no Gali, Xabriña...

CONFIDENCIALIDADE: Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 RGPD, o responsable do tratamento dos seus datos é CLUB MONTAÑEIROS CELTAS. A finalidade do tratamento é atender ás comunicacións de interese para ambas partes, sendo a base legal o consentimento outorgado. Non se cederán datos a terceiros. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión, entre outros, tal e como se explica na información adicional que poderá obter remitindo un correo electrónico ó enderezo administracion2@celtas.net ou nas oficinas do Club.

MONTAÑA

Comezo do ano montañeiro no Galiñeiro 1 de xaneiro

Comezar o 2021 subindo ao cumio do Galiñeiro é un luxo; “tradición Celta” que se repite cada primeiro de ano.

Encontrámonos no parque para compartir, no ascenso en zigzag, saúdos, felicitacións, sorrisos, parrafeos e lérias, escalando algunha que outra pedra escorregadiza para alcanzar finalmente a cúspide do noso monte. Espéranos xa na cima montañeiros madrugadores para brindar todos xuntos ao abeiro das espectaculares vistas e do son da gaita.

Mais de súpeto, na mañá azulada, o Galiñeiro regálanos unha ducha de auganeve para unha fuxida en desbandada e devólvenos o sol no descenso. Foi unha advertencia, botounos quizais por pesados demais.

O novel do grupo, o máis pequecho montañeiro celta da xuntanza, compartiu connosco o seu primeiro recibimento de ano; Blas, metáfora de continuidade e de futuro amante do noso entorno, deu a benvinda.

Moitas grazas ás organizadoras por facermos partir e compartir neste paraíso natural. Isto é empezar coas mellores vibracións. Berta B.



BICI DE MONTAÑA

Bici de montaña Vao-Chandebrito 17 de xaneiro

Por mor das restricións ocasionadas pola pandemia e non podendo saír de Vigo, desenvolvemos próxima no tempo unha segunda actividade polo monte vigués sobrado de beleza e interese.

Saímos un grupo de doce persoas na mañá do domingo 17 de xaneiro sendo esta a primeira actividade ciclista do club no ano presente.

Empezamos o itinerario na praia do Vao nun día espléndido de sol e boa temperatura tras sortear numerosos controis de policía que parou a algún de nós e fixo atrasar a hora de saída.

Vao, Fragoselo, Chandebrito,..., ruta circular de 25 Km realizada en catro horas aproximadas alcanzando unha altitude máxima de 446 e desnivel acumulado de 656m.

Gozamos de vistas espectaculares e encontros con amizades Celtas facendo sendeirismo e algunha corredora de montaña e, sufrimos tamén os danos ocasionados pola tala de árbores e secuelas da maquinaria pesada no monte que provocou algún cambio no percorrido.

Merece facer mención que recuperamos folgos en Chandebrito ao pé do monumento “O Rexurdimento”; dous pulmóns de tres metros de altura dos que agroma unha árbore; obra do colectivo “Arte no queimado” e baixo a dirección de Remigio Davila. Esta obra foi realizada en memoria dos incendios daquel apesurado outubro de 2017 acaecidos no lugar e persegue promover a reflexión a través da arte. Retomamos logo xa a volta ao punto de partida, con enerxías e ganas de abondo para a próxima actividade. Gloria P.



ESQUÍ DE MONTAÑA

Esquí de montaña en Manzaneda e Trevinca 9 e 10 de xaneiro



Despois de numerosas xestións, conseguimos por fin o salvoconduto, para poder realizar a actividade de esquí, cumprindo plenamente coa normativa covid-19 da Xunta, a Federación Galega deunos unha autorización.

Todos estabamos a esperar, xa que desde hai días desexabamos esquiar. Todo era perfecto para esta maravilhosa xornada: caera unha gran nevada, permanecía ese manto de neve por mor das baixas temperaturas e que tamén nos acompañaba o sol.

Fomos finalmente 11 participantes nesta actividade, a nosa pretensión era probarnos, adestrarnos para novos retos, a estación de esquí sen funcionar, só para nós, as árbores cargadas de neve, e medio metro de espesor nas pistas.

No grupo había novos pero con experiencia e outros que xa

viñeran moitas veces, decidimos coller o camiño que rodea a estación, saíndo desde a base do telecadeira, o camiño totalmente nevado rodeado de bosque nevado, ao principio sen desnivel ía deixando gozar dunha paisaxe pouco habitual e difícil de ver, a calidade da neve era excepcional, fomos esquiando coas peles de foca, entrando en calor, pasamos polo medio do bosque onde a neva estaba aínda máis algodónosa, cruzamos un regato e chegamos á base da pista Corzos, enfrontamos a pendente ata chegar á parte máis alta da estación, despois de preparar o equipo para a baixada gozamos todos do descenso ata o lugar de onde partíramos a mañá, decidimos

volver a subir á estación foqueando esta

vez pola pista Manolo, chegamos esta vez máis rápido á parte alta do monte e volvemos baixar esquiando.

A actividade foi perfecta, valeunos de adestramento para a actividade planificada para o día seguinte en Trevinca, arranxamos a comida cun bocadillo, e saímos en coche para A Veiga, xa no hostel ceamos e o merecido descanso. Ás 7 da mañá tomamos un café rápido e por unha estrada moi nevada fomos abrindo camiño ata a de Cholo, alí preparámonos e saímos con intención de facer cume no Trevinca, pero non foi posible, chegamos ata o Maluro e alí decidimos dar a volta, a neve estaba venteada e aínda non transformara, era incomoda a ascensión, xa que só tiñamos a posibilidade de ir pola pista e



esta estaba chea de obstáculos nivosos, a neve recentemente caída esa noite, con capas máis duras debaixo, formaban montículos, isto ademais do vento persistente e do dano que lles estaban facendo as botas a algúns de nós, démonos conta de que o descenso non ía ser fácil, xa que iamos encarrilados na pista nun longa e pesada baixada cunha neve moi difícil para esquiar. Total, que nin un par de xiros en condicións demos, o demais foi esquí de supervivencia, regresamos a pesar de todo satisfeitos de realizar a actividade, e Cholo convidounos a unas cervexas e xa saímos para as nosas casas nunha fin de semana perfecta. Fernando F.





Edita: Club Montañeiros Celtas Edición: Mónica Vila
Colaboran neste número: Berta B., Fernando F., Gloria P., José Luis V.
Imprime: Copypucho
DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado



COPA GALEGA DE ESCALADA BASE

O día 8 de maio terá lugar no Rocódromo do IMD de Travesas a Copa Galega de Escalada Base, organizada polo Club Montañeiros Celtas e a Federación Galega de Montañismo.

As categorías participantes serán Alevín, Infantil, Cadete e Xuvenil! En breve, daremosvos máis información.

CALENDARIO 2º TRIMESTRE

Dadas as circunstancias, non imos publicar o calendario do segundo trimestre. As nosas e nosos vogais teñen preparadas unha chea de actividades para propoñervos en canto nos poidamos reunir. Así que ide revisando o material e poñéndo-vos en forma que en breve nos volveremos ver nas montañas, sobre as bicis, nas covas, na auga...

Xa queda menos, familia montañeira!

**Publicorreo
Óptimo**



CLUB MONTAÑEIRO CELTAS
Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo

Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneirosceltas

www.celtas.gal / info@celtas.net